

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA OFERTARÁ 15 PRAZAS FIXAS POR CONCURSO DE MÉRITOS PARA REFORZAR O HOSPITAL COMARCAL DO BARBANZA

- O delegado territorial e a e a xerente da área sanitaria de Santiago e Barbanza informaron que se convocarán outras 11 prazas de médicos de familia e pediatras nos centros de saúde de Ribeira, Boiro, Rianxo e Pobra do Caramiñal

**Ribeira (A Coruña), 1 de marzo de 2023.**- O delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, e a xerente da área sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez, visitaron hoxe o hospital do Barbanza para informar que a Xunta convocará por concurso de méritos 15 prazas de especialidades médicas neste centro. En concreto, 4 de medicina interna, 2 de pediatría, 2 de análise clínicos, 1 de xinecoloxía, 1 de traumatoloxía, 1 de radiodiagnose, 1 de anestesia, 1 un de hospitalización a domicilio, 1 psiquiatra e 1 psicólogo.

Este concurso, que se convocará nos vindeiros días, inclúe tamén tres prazas de pediatría, 1 en Rianxo, 1 en Ribeira e 1 en Boiro e 8 prazas de médico de familia, 3 en Boiro, 2 en Ribeira, 2 en Rianxo e 1 na Pobra do Caramiñal.

Con estas prazas blíndase a estabilidade dos servizos máis críticos do hospital e dos centros de saúde como mínimo nos dos vindeiros anos, nos que se manterá ese núcleo do cadro de persoal fixo que non se moverá nin nas ofertas públicas de emprego nin nos concursos de traslados.

Esta convocatoria de máis de 400 prazas para toda Galicia, avanzada este mes polo Presidente da Xunta Alfonso Rueda, realizarase ao abeiro da Lei 2/2022 de medidas extraordinarias para a provisión de postos de difícil cobertura, aprobada o pasado outubro polo Parlamento de Galicia e que permite a convocatoria mediante concurso de méritos (é dicir, sen oposición) de prazas en propiedade en categorías como facultativo especialista de atención primaria, pediatría de atención primaria, as especialidades médicas nos hospitais comarcais ou as prazas sanitarias vinculadas á área de Saúde Mental de Galicia.

Dita lei ampliou a experiencia exitosa do primeiro concurso de méritos convocado pola Xunta de Galicia en 2022, que logrou que máis dun cento de especialistas en medicina de familia tomasen posesión dunha praza fixa en centros de saúde que levaban tempo sen médico estable. Deles, 16 incorporáronse en centros da área de Santiago e Barbanza.

#### **Iniciativa da Xunta ante a falta de reformas no eido estatal**

A necesidade de dotarse de máis recursos humanos e cubrir prazas vacantes en zonas de difícil cobertura da comunidade motivou que a Xunta de Galicia impulsara esta medida

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lexislativa, que incentiva a provisión destas prazas ao ofrecer a maior estabilidade (praza fixa en propiedade) co sistema de acceso máis sinxelo.

Ademais, os residentes MIR destas especialidades que terminen a especialidade en maio poderán optar a estas prazas e ser persoal fixo neste mesmo ano, ao permitírselles inscribirse con carácter previo e acreditar o título da especialidade unha vez a rematen. A Xunta prevé resolver o concurso á volta do verán e as condicións para os adxudicatarios serán a de permanecer en activo nelas durante un mínimo de 2 anos.

Esta necesidade de incentivar as prazas de difícil cobertura fora xa obxecto dun acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobado por unanimidade en abril de 2018 no que se establecía a necesidade de reformar a lexislación do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde a tal efecto, un acordo que permanece incumplido desde entón.

Do mesmo xeito, o impulso do sistema de concurso para a selección de persoal sanitario especialista é unha recomendación incluída no ditame da Comisión para a reconstrución social e económica creada no Congreso dos Deputados, que continúa sen cumprirse por parte do Goberno de España dous anos despois da aprobación dese ditame.

Deste xeito, a Xunta aborda con medidas innovadoras o déficit de médicos e profesionais sanitarios, unha situación que afecta a todas as comunidades autónomas nestes intres mentres continúa o incumprimento dos compromisos de reforma da lexislación estatal.

**Saúdos do Gabinete de Comunicación da Delegación Territorial da Xunta na Coruña**